



Bases do I Concurso de fotografía de Nadal 'Nadal fotográfico' 2020



Temática

Imaxes que teñan que ver co nadal, acompañadas dun título nunha das cinco linguas que se estudan nesta escola, e máis a súa tradución ao galego.

Participantes

Pode participar de xeito individual, a través da súa conta de Twitter ou Instagram, alumnado matriculado neste curso 2020-2021 que siga á EOI de Vilagarcía nestas redes sociais e desexe participar no concurso.

Non se tolerarán participacións que incorran en condutas contrarias ás normas xerais de convivencia e cuxo contido se considere inadecuado, ofensivo, injurioso ou discriminatorio, ou que poidan vulnerar os dereitos de terceiros, sendo inmediatamente eliminadas da participación. A participación implica a aceptación das presentes bases. Se considerará autor/a á persoa propietaria da conta.

Características da participación

- As fotografías deberán ser orixinais e inéditas (non se poden descargar da rede ou de calquera outro medio de publicación físico ou dixital).
- As fotografías deberán ter unha temática relacionada co Nadal.
- De houber persoas na foto, cómpre contar co seu consentimento para a utilización da fotografía; do contrario, deberán non ser recoñecibles.
- As fotografías presentadas deberán ir acompañadas dun título en calquera lingua das que se estudan na escola: alemán, francés, inglés, italiano e portugués; xunto coa súa tradución ao galego.
- Non se poderá presentar a mesma fotografía co título en varias linguas estranxeiras.
- Cada persoa participante poderá presentar un máximo de 3 fotografías en cada rede social: Twitter e Instagram, e deberán seguir as instrucións indicadas máis abaixo para cada modalidade de participación.
- Calquera persoa poderá votar con likes no Twitter e/ou no Instagram as fotografías que máis lles gusten.
- Habrá tres categorías de premios.
 - 1ª categoría: Mellor fotografía para cada unha das cinco linguas, avaliada mediante rúbrica polo xurado formado por profesorado da escola.
 - 2ª categoría: Fotografía en calquera lingua con máis likes no Twitter.
 - 3ª categoría: Fotografía en calquera lingua con máis likes no Instagram.



MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN a través de Twitter

- Seguir á @EOIVilagarcia
- Seguir ó @EDLG_Vga (Equipo de Dinamización da Lingua Galega)
- Subir a fotografía desexada, incluíndo no corpo do chío o título na lingua estranxeira e a súa versión en galego.
- Mencionar no corpo do chío á @EOIVilagarcia e ó @EDLG_Vga
- Incluír os cancelos: #eoi, #linguasestranxeiras, #linguagalega.
- Poderán rechouchiarse as fotografías para maior difusión.

MODALIDADE DE PARTICIPACIÓN a través de Instagram:

- Seguir á @eoivilagarcia
- Seguir á @edlg_vga
- Subir a fotografía desexada, incluíndo na descrición o título na lingua estranxeira e a súa versión en galego.
- Etiquetar na fotografía á @eoivilagarcia e ó @edlg_vga
- Incluír na descrición os cancelos: #eoi, #linguasestranxeiras, #linguagalega.
- Poderá compartirse en historias tanto a publicación como os relatos para maior difusión.

Premios

Se poderán dar até sete premios, cuxa dotación constará de 40€ para canxear na Librería Nobel de Vilagarcía, xunto cunha bolsa de tela da EOI. Contactarase co autor ou autora da fotografía gañadora en cada categoría a través da rede social de publicación para solicitarlle os datos necesarios para a entrega do premio.

- 1ª categoría: Mellor fotografía para cada unha das cinco linguas, avaliada mediante rúbrica polo xurado formado por profesorado da escola. O xurado estará formado por integrantes do equipo de culturais do centro, composto pola vicedirección, as xefaturas de departamentos didácticos das linguas, e a persoa responsable do EDLG.
- 2ª categoría: Para a fotografía en calquera das cinco linguas con máis likes no Twitter.
- 3ª categoría: Para a fotografía en calquera das cinco linguas con máis likes no Instagram.

Nota: A 2ª e 3ª categoría non poderá recaer na mesma persoa participante. De ser o caso, gañará unha das categorías, e a seguinte fotografía en número de likes acadará o premio na outra. A organización resérvase o dereito de declarar os premios das categorías desertos, no caso de non haber un número de mínimo de fotografías suficiente. Considerarase un número suficiente un mínimo de 2 fotografías por categoría. Poderá haber premios meritorios de ser o caso.

Prazo de presentación

As obras deberán publicarse en redes seguindo as instrucións das modalidades descritas, desde o día da publicación das presentes bases, até as 23.59 do domingo 13 de decembro. Calquera publicación posterior será descartada.

O período de valoración das obras polo xurado para a primeira categoría realizarase durante os días 14 e 15 decembro. O día 16 de decembro darase a coñecer o veredicto e se contactará coas persoas gañadoras mediante os medios cos que conta a Escola. Informaráselles da entrega de premios, que está prevista para o martes 22 de decembro de 19.00 a 20.00.

Publicidade

Para que toda a comunidade escolar poida velas, a Escola Oficial de Idiomas de Vilagarcía se reserva o dereito de difundir as fotografías participantes e/ou gañadores nos diferentes medios de cos que conta a escola.